

# RITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2023]

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN

### PARTE A: DESENVOLVEMENTO DUN TEMA ESCRITO ENTRE CINCO EXTRAÍDOS POLO TRIBUNAL.

Tempo: dúas horas

Criterios:

1. Demostrar corrección lingüística na redacción do exercicio e presentalo axeitadamente (10%)

1.1 A moso exactitude ortográfica, sintáctica e léxica.

1.2 Presenta, redacta e ordena o exercicio axeitadamente.

1.3 Ten claridade expositiva e formal.

2. Coñecer e expoñer cientificamente o tema proposto. (90%)

2.1 A moso coñecemento científico, profundo e actualizado do tema.

2.2 Estrutura o tema.

2.3 Desenvolve o tema completamente.

2.4 Exemplifica cando é preciso.

2.5 Trata o tema de xeito orixinal.

2.6 Aporta referencias bibliográficas e recursos web significativos.

¿ A lectura desta parte da proba terá lugar no día e hora no que sexa citada polo tribunal a persoa aspirante para realizar a parte B.

¿ Os temas serán os que se establecen no temario para Latín segundo o Anexo III da Orde do 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE núm. 226, do 21 de setembro)

### PARTE B: COMPROBACIÓN DA APTITUDE PEDAGÓXICA E DOMINIO DAS TÉCNICAS NECESARIAS PARA O EXERCICIO DOCENTE.

## PREPARACIÓN, PRESENTACIÓN E EXPOSICIÓN DUNHA UNIDADE DIDÁCTICA ANTE O TRIBUNAL

### Unidade didáctica

- Relacionada coa especialidade e elixida libremente pola persoa aspirante segundo os currículos publicados nos Decretos 156/157 do 15 de setembro do 2022.

- A unidade didáctica debe concretar obxectivos de aprendizaxe, contidos, actividades de ensino e aprendizaxe e procedementos de avaliación.

### Tempo de preparación

Media hora para a preparación de unidade didáctica.

### Material dispoñible

- Para a preparación: todo o material que se considere oportuno, sen conexión co exterior, polo que o material que se vaia utilizar non poderá ser susceptible de dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.)

- Para a exposición:

o material auxiliar que o opositor considere oportuno achegado por el mesmo e aprobado polo tribunal. En calquera caso non se permitirá o uso de ningún dispositivo electrónico.

o un guión que non excederá dunha páxina e que se entregará ao tribunal ao final desta.

### Tempo e orde de exposición

#### Tempo máximo de media hora

Terminada a defensa o tribunal poderá establecer un debate co persoal opositor cunha duración máxima de 15 minutos.

¿ A unidade didáctica valorarase de acordo cos criterios contidos na rúbrica que se publica como anexo VII (epígrafe 12.2 da Orde do 5 de decembro de 2022)

¿ A cualificación correspondente a esta fase de oposición será a media aritmética das puntuacións obtidas nas dúas partes da proba.